

TEXTOS POÉTICOS



Un naufraxio

Un faro xuroulle amor
a unha casa mariñeira
desde a perigosa beira
do **acantilado** maior.

Unha noite de tronada,
quixo facerlle un sinal
co seu ollo de cristal
á imposible namorada.

E dirixiu un navio
aos **balxíos!**

RAMIRO FONTE

Le o texto *Un naufraxio* e marca SI ou NON.

	SI	NON
• Trátase dun texto literario?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• Está escrito en verso?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• Ten recursos literarios?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• É un texto poético?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Marca. Por que se titula o poema *Un naufraxio*?

- Porque o faro ten como función principal evitar que os barcos vaian contra as rochas da costa e naufraguen.
- Porque o faro non cumpriu a súa función e dirixiu a súa luz cara a onde non debía, e provocou o naufraxio dun barco.


Completa o texto seguinte cos datos do poema *Un naufraxio*.

Un naufraxio é un poema de versos distribuídos en estrofas.
A primeira ten versos; a ten versos e

Le o texto seguinte e escolle a opción coa que estás máis de acordo.

As letras son os debuxos da voz;
o libro é o cadro das palabras.

GLORIA SÁNCHEZ



- Este texto é poético porque expresa un pensamento.
- Este texto non é poético porque non está escrito en verso.